

O PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: AS IRMANDADES DA FALA E AS LOITAS AGRARIAS

*Durante as tres primeiras décadas do século XX, en Galicia prodúcense importantes cambios sociais e culturais. Entre os primeiros, salienta o **movemento agrarista**, que reivindica unha mellora das condicións de vida do campesiñado. Dos segundos, destaca a creación das **Irmandades da Fala**: elas serían a semente do intenso pulo cultural e político que houbo deica o ano 1936.*

Galicia a comezos do século XX

Galicia comeza o século XX marcada por un forte atraso económico. A fidalgía e a Igrexa tiñan a propiedade da terra. O campesiñado continuaba emigrado, sobre todo a América. Pero durante o primeiro tezo do século, producíronse unha serie de cambios que modificaron a situación:

1. A caída da **fidalgúa**, producida pola desaparición do sistema feudal. O campesiñado puido acceder así a propiedade da terra que traballaba.
2. Certo peso na sociedade galega da **burguesía** industrial e comercial.
3. Desprazamento da poboación da agricultura á **industria, o comercio e os servizos**.



[\(3\) Os 20 do XX. Capítulo 1 - Unha ollada a Galicia - YouTube](#)

O movemento agrario

O agrarismo xurdiu a principios do século como un **amplo movemento reivindicativo do campesiñado**, que se agrupou en sociedades e sindicatos agrarios. Naceu como reacción á inxusta institución dos **foros**, que, unida ao **caciquismo** e aos **impostos**, condenaba aos labregos á miseria ou á emigración. A **redención dos foros** vai ser a reivindicación máis relevante do movemento: un obxectivo que se conseguirá oficialmente no ano **1926** durante a ditadura do xeneral Primo de Rivera.



AS IRMANDADES DA FALA

A Nosa Terra 1916



PREZOS DE SUSCRIZIÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts
Fora, > 50 >
Coste d'un número 10 >

Número IV

= Redacción =
e administración:
CANTÓN GRANDE
= 16, BAIXO =

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

O 17 DE NADAL DO 1483

A CRUÑA
15 DECEMBRE




As Irmandades da Fala

O movemento das **Irmandades da Fala** xurdiu no ano 1916, promovido por **Antón Villar Ponte**. O seu **obxectivo principal** era reivindicar a lingua e a cultura de Galicia. As **Irmandades** estendéronse axiña por todo o país, sumándose a elas intelectuais e escritores como **Cabanillas**, **Otero Pedrayo**, **Castelao**, **Risco** e moitos outros.

En 1918 agrupáronse nunha federación e celebraron en Lugo a **I Asemblea Nacionalista Galega**. O manifesto desta asemblea marcou o nacemento do nacionalismo galego: "*Tendo Galicia todas as características dunha nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos*". Os principais obxectivos das Irmandades esran:

1. Cooficialidade lingüística entre galego e castelán.
2. Unha ampla autonomía que permitise resolver os problemas económicos e sociais de Galicia.
3. Fomentar a cultura propia de Galicia.
4. Ingreso das nacionalidades na Liga das Nacións e federalismo con Portugal.



Nas **Irmandades** había dúas tendencias; unha era partidaria de **participar activamente na vida política**; outro, liderada por **Vicente Risco**, defendía centrarse na **actividade cultural**. Esta última foi a que se impuxo na **Asemblea de Monforte**, en 1921.

As realizacións das **Irmandades**

O traballo cultural das Irmandades orientouse en varias direccións, as principais foron estas:


1. **Traballo a prol do emprego da lingua galega** nos diferentes ámbitos da vida pública: ensino, administración, actos culturais e políticos etc.
2. **Potenciación da actividade editorial** mediante o xornal *A Nosa Terra* ou a fundación de editoriais como *Céltiga*, *Lar e Nós*. Nelas promóvense a narrativa breve e de carácter popular e os estudos lingüísticos sobre o galego.
3. **Promover o desenvolvemento do teatro.**
4. **Creación, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos**, institución científica constituída por universitarios que realizou un valioso traballo de investigación e interpretación da realidade de Galicia nos eidos da etnografía, a xeografía e a historia.



Irmandades da Fala e Grupo Nós




A XERACIÓN NÓS



Os anos **20 e 30** son fundamentais para a nosa historia cultural e política e neles ten unha enorme transcendencia a presenza do **Grupo Nós**, verdadeiro creador da moderna cultura galega. Da súa man vai nacer o **ensaio**, e con el a narrativa galega vai acadar unha notable altura estética. Este grupo de intelectuais elevou o galego á súa plena madurez como lingua de cultura, ao tempo que os seus membros participaron con gran protagonismo na recuperación da identidade nacional de Galicia no plano político, tanto a través da creación do **Partido Galeguista**, coma da elaboración do **Estatuto de autonomía de 1936**. A cultura galega acada o seu status internacional co **Grupo Nós**, xa que defendía o diálogo universalista entre as diferentes culturas do mundo. Tras o **Grupo Nós**, a cultura galega modernízase e faise máis aberta cara ao exterior, ao tempo que se afianza nos seus compromisos coa propia terra, que se manifesta agora como membro de pleno dereito da cultura europea.


[\(2\) Prosa galega do primeiro terzo do século XX, o resumo \(Xeración Nós e Xeración do 25/vangardas\) - YouTube](#)



A LÍNGUA: UN INSTRUMENTO DE COMUNICACIÓN


Definición de linguaxe: facultade que o ser humano posúe para poderlles expresar os seus pensamentos a outros. A posta en práctica da lingua que coñecemos permite que sexa posible a comunicación entre os membros dunha comunidade.





- **Emisor:** quien transmite el mensaje.
- **Receptor:** quien recibe el mensaje.
- **Mensaje:** la información que se transmite.
- **Canal:** el medio por el cual se envía el mensaje.
- **Código:** los signos que componen el mensaje

Los Elementos



1.- Función referencial o representativa: se produce cuando **informamos objetivamente**.

Se centra en el **contexto, la situación, el referente**.

- La función referencial predomina en los **textos informativos y explicativos** (noticias, manuales, libros de texto, etc.).
Ejemplos: Hoy es miércoles, el Pisuerga pasa por Valladolid; Lope de Vega estableció las reglas del drama del Siglo de Oro; La naranja es rica en vitamina C.

En cualquier caso, es la función del lenguaje más habitual y la podemos encontrar, en mayor o menor medida, en todos los mensajes. En la función representativa se manifiestan

todos los rasgos lingüísticos que reflejan la objetividad.

2.- Función emotiva o expresiva: cuando nos comunicamos para **expresar sentimientos, emociones, impresiones.**

Se centra en el **emisor.**

- Es la función que predomina en los textos argumentativos (artículo de opinión) y conversacionales (coloquiales). Ejemplos: "*Qué lata que sea miércoles. ¡Los odio!*", ¡Qué sensación más emocionante!; ¿Qué he hecho yo para merecer esto?

En la función expresiva o emotiva se manifiestan

todos los rasgos lingüísticos que reflejan la subjetividad.

3.-Función apelativa o conativa: cuando intentamos **influir en el receptor**, que haga o diga algo. Se da en preguntas, mandatos, peticiones, ruegos o sugerencias.

- Esta función es muy habitual en el **habla coloquial**, pero también aparece, por ejemplo, en los textos **prescriptivos, argumentativos, publicitarios, periodísticos, en sermones, mítines**... y en cualquier texto cuya finalidad sea influir en el comportamiento de los demás. Se centra en el **receptor**.

Ejemplos: "*Callaos todos*", ¿Qué haces por aquí?; Ven cuando quieras; No se puede pasar por la derecha.

4.- Función fática o de contacto: se da en aquellos mensajes que pretenden **iniciar, mantener, comprobar o interrumpir la comunicación:** saludos, despedidas, felicitaciones, las llamadas de atención al receptor para comprobar que nos entiende (*¿sabes? ¿de acuerdo? ¿vale? ¿me entiendes?*), o los asentimientos del receptor al emisor para que sepa que se le entiende (*sí, vale, ahá...*).

Se centra en el **canal**.

- Esta función es casi exclusiva del **lenguaje oral**, aunque puede reproducirse también en la lengua escrita. Se da en **textos conversacionales** ya sean orales (conversaciones telefónicas) o escritas (chats, redes sociales...).

Ejemplos: ¿Estás ahí?; ¿Se me oye?; Hasta luego.

5.- Función metalingüística: se produce cuando **hablamos de la propia lengua**; es la que predomina, claro está, en las clases de lengua... y en este blog ;). Se centra en el **código**.

- Esta función predomina en los **textos preceptivos y descriptivos sobre el uso de la lengua** (manuales de lengua y literatura, gramáticas, reglas ortográficas, diccionarios).

Ejemplos: Las palabras esdrújulas se acentúan siempre; El verbo concuerda con el sujeto en persona y número; El pretérito pluscuamperfecto es un tiempo compuesto.

"Sí es un adverbio de afirmación".

6.- Función poética: se produce cuando el mensaje llama la atención sobre él mismo, sobre la forma.

- La función poética es primordial en los **textos literarios**, pero también son frecuentes en los **en los argumentativos**, en el **lenguaje coloquial**, en chistes, adivinanzas y **en el lenguaje de la publicidad**.

Ejemplos: Salid, sin duelo, lágrimas corriendo; Un no sé qué que queda balbuciendo. *Tres tristes tigres comían trigo en un trigal; El tiempo es oro...*

Tipos de enunciados segundo a modalidade

Enunciados con modalidade enunciativa

A atención do falante céntrase en transmitir un pensamento ou unha información **de maneira obxectiva**, o importante é a mensaxe que se transmite.

A enunciación pode facerse en modo positivo ou en modo negativo; desta maneira, os enunciados enunciativos poden ser:

- **Afirmativos:** *Suspendeuse o exame convocado para a próxima semana.*
- **Negativos:** *Non se suspendeu o exame convocado para a próxima semana.*

Modalidade interrogativa. O emisor utiliza este tipo de modalidade cando espera unha resposta do seu destinatario. Pode ser:

- **Directa:** vai con signo de interrogación (Liches a anova novela?)
- **Indirecta:** non vai con signo de interrogación (Preguntoume se lera a nova novela).
- **Total:** espérase unha resposta con si ou non (Liches esa nova novela?)
- **Parcial:** espérase unha resposta aberta (Que novela estás a ler?)

Enunciados con modalidade exclamativa

A intención do falante é expresar os seus propios sentimentos (dor, alegría, decepción...) ante un determinado feito ou resaltar algunha idea : *A ver se chega xa o bo tempo!*

ENUNCIADOS CON MODALIDADE DUBITATIVA

O falante expresa unha dúbida ou fala da probabilidade de que suceda algunha cousa: *Quizais non estea na casa, Se cadra non o deixan vir, Se viñese xa estaría aquí...*

Utilizan o modo subxuntivo pero tamén é frecuente que se empregue o futuro de indicativo ou perífrases verbais (Ha de vir mañá!). O esquema de entoación é similar ao dos enunciados exclamativos. Tamén neste caso se acostuman usar partículas que marcan a dúbida do tipo *se cadra, pode ser, quizais...*

ENUNCIADOS CON MODALIDADE DESIDERATIVA

O emisor pode expresar desexos utilizando enunciados desta modalidade: *Gustaríame que leses esta nova novela. Oxalá se publique a segunda parte desta novela.*

ENUNCIADOS CON MODALIDADE IMPERATIVA.

O emisor transmítelle unha orde ou un rogo ao seu destinatario: *Deixa xa de ler tanto!*

Solución: exercicio 19.

Díme a hora?: interrogativa directa e parcial. –Son xa as tres e media: enunciativa afirmativa. –Grazas... (con xesto preocupado): enunciativa. –Que che pasa?: interrogativa directa e parcial. –Fíxoseme tardísimo!: exclamativa. –Queres que te achegue no coche?: interrogativa directa e total (podería esperarse un si ou un non). –Gustaríame moito: enunciativa afirmativa